

## TAREFA 2 PARA A CORETENA (DESDE O LUNS 23 AO XOVES 26)

Nesta ocasión propoño principalmente traballar a partir do libro\* de texto. Espero que deste xeito sexa máis doado para todo o alumnado acceder ás actividades e así aforrades de imprimir o que elaboro (que non era necesario tampouco na Tarefa 1).

De literatura tócanos Ánxel Fole, e ademais imos repasar gramática e sintaxe.

\*En todo caso, algunhas cousas do libro vounas ampliar con ligazóns a páxinas web de calidade contrastada.

## Ánxel fole

### Libro.

Páxina **119**. Ledes e resumides os apartados:

- Ánxel Fole: perfil biográfico
- A obra narrativa de Fole

### Internet.

- ▶ **Ánxel Fole na súa época:**

<http://literaturagalega.as-pg.gal/etapas/a-etapa-contemporanea-ii/anel-fole-na-sua-epoca>

- ▶ **A vida** (lectura voluntaria):

<http://literaturagalega.as-pg.gal/etapas/a-etapa-contemporanea-ii/a-vida>

- ▶ **A obra** (lectura voluntaria, xa vos poño abaixo os fragmentos que me parecen fundamentais):

<http://literaturagalega.as-pg.gal/etapas/a-etapa-contemporanea-ii/a-obra-2>

A aparición dos dous grandes libros de contos da autoría de Anxel Fole na Editorial Galaxia, *Á lus do candil*, no ano 1953, e *Terra Brava* no 1955, supuxeron unha enorme conmoción no mundo cultural galego da época, que comezaba a refugar timidamente o inferno en que o metera o réxime franquista. Foron dous libros que, coa obra narrativa de Álvaro Cunqueiro e máis tarde coa de Eduardo Blanco Amor, lle deron un grande prestixio á prosa galega, facendo que aumentase o número de lectores. As obras destes tres autores posibilitaron o afianzamento da nova narrativa da posguerra. Posibelmente Fole, máis que ningún escritor galego da posguerra, foi o que mellor e máis fondamente chegou non só ás clases cultas, senón que tamén á burguesía e á xente do común. Os seus contos están na nosa tradición literaria e mesmo na literatura popular e a súa escrita, sen mingua da súa alta calidade literaria, é unha prosa clara, diáfana, transparente, que se deixa ler prendendo e engaiolando o lector. Ó

lector pouco atento e superficial, a literatura foleana podíalle semellar algo folclórico, incluso aceptado polo oficialismo da época.

No espacio que Pilar Vázquez Cuesta lle adica á narrativa foleana, na súa coñecida "Literatura Gallega", abonda no carácter popular e tradicional destes relatos. Traducimos, para máis exactitude, as palabras da profesora Vázquez Cuesta:

"Os contos de Ánxel Fole semellan transcricións de relatos orais, historias escoitadas "a carón do lume" —como reza o subtítulo do seu primeiro libro— que o autor se limitou a poñer por escrito. O seu dominio da técnica do conto tradicional —tan vivo aínda en Galiza — pode cualificarse de perfecto. Tamén o é a do enxebre galego da montaña de Lugo en que falan os seus personaxes. E da "leria", a charla longa e demorada "con vontade de estilo" típica das tertulias aldeás, unha especie de oratoria popular que se acomoda a normas fixas, e na que a elipse desempeña un papel esencial.

En canto ó contido mestúranse neles a partes iguais humor e misterio. Hai sempre unha penetración do trasmundo espectral no cotián, que fixo definir a Fole como un Poe galego. Fantasmas e aparecidos, meigas, trasgos, estraños feitos para os que non se atopa unha explicación natural mestúranse con lobos e bandidos nuns contos que nalgúns casos se anuncian xa como "contos de medo".

**Noutro libro atopei esta teoría sobre Ánxel Fole (está ben e bastante resumida)**

**Ánxel Fole** (Lugo, 1903-1986) estudou Dereito en Valladolid, aínda que se dedicou sobre todo ao xornalismo. Militou no galeguismo e, logo da Guerra Civil, tivo que apartarse da vida pública e **vivió algún tempo na montaña de Lugo, feito que lle proporcionou materia narrativa para os seus relatos.**

Fole destacou como narrador, pero tamén escribiu poesía antes da guerra e publicou a obra teatral Pauto co demo (1958). Na súa obra narrativa podemos salientar a **influencia da narración popular oral**: emprega fórmulas de apertura como «xa vos digo...» ou «hai ben tempo que...», **encadea narracións unha dentro doutra coa técnica das historias encaixadas**, a súa lingua reproduce o **registro oral coloquial** e existen **personaxes que actúan como auditorio para o relato**. Fole é, ademais, o narrador da realidade concreta da Galicia rural, da que **reflicte os traballos, a fauna, a vexetación, os costumes...** Os seus temas están sempre relacionados coa **visión do mundo do campesiño galego, coas súas crenzas e supersticións.**

Na obra de Ánxel Fole destacan os seguintes títulos:

- ▶ **Á lus do candil** (1953). É un conxunto de contos ambientados nas terras montañosas do Courel. As historias posúen un marco, que consiste en que un grupo de persoas queda incomunicado por unha nevada e distráense contando as historias que lemos. Nos relatos abunda o misterio e o sobrenatural, aínda que sempre haberá detrás unha explicación lóxica para os sucesos.
- ▶ **Terra brava** (1955). Posúe unha estrutura similar á do libro anterior. A obra comeza cunha extensa introdución en que uns personaxes se reúnen na casa dun médico do Incio, convidados polo dono, e falan sobre diferentes temas relacionados con Galicia. Ao remate destes encontros, o sobriño do anfitrión atopa un cartafol con historias de intriga e misterio, escritas polo seu tío a partir dos relatos de diferentes reunións.
- ▶ **Contos da néboa** (1973). Esta obra está integrada por relatos similares aos das obras anteriores, aínda que a diferenza máis significativa é o cambio de ambientación: neste caso as historias desenvólvense en escenarios urbanos ou vilegos.

## Libro.

Páxina **122**: Ler **“Noites de inverno”**.

Actividades:

1. Tendo en conta a descrición que vén ao principio desta páxina do argumento do libro *Á lus do candil*, a que parte da obra pertence o fragmento? Xustifica a resposta.
2. Explica coas túas palabras o contido do fragmento e indica que características da obra de Fole están presentes.

## Actividades de lingua

Libro. Páxina 131.

Actividades: 9, 13, 10 e 12.

Libro. Páxinas 146 - 147.

Actividades: 6, 7, 8 e 11.

Análise sintáctica

O libro que me emprestaches o día que te vin na biblioteca gustoume moito.

## Actividades VOLUNTARIAS sobre Ánxel Fole

### Antón de Cidrán

Tiñan que atravesar a campa de Xan da Cruz, pois decidiron, para estar máis cedo na casa, deixar a estrada e ir polo atallo. Aquela campa é moi grande. Alí encórase moito a auga polo tempo das choivas

da outonía.

Pedro faláballe a Antón dos bos pesos que ían gañar co muíño e a parcería<sup>1</sup>. O viño facíalle ver todo moi doado. Xa estaban fronte da campa. O seu compañeiro non lle contestaba. Tívolle que berrar:

–Que che pasa home, que non dis nada?

–Para a besta –díxolle Antón.

Pedro notoulle algo moi raro na voz. Como se collese medo, vamos.

E tirou das rendas á besta. Preguntoulle:

–É que nos saen ao camiño? Levo un bo revólver no peto da cueira do pantalón.

–Non ves –díxolle o seu compañeiro– unhas luces fronte de nós, pola campa adiante? Por entre os carballos levan unha caixa de morto nun carro.

–Eu –contestoulle Pedro– non vexo luces nin nada. Xa che dixen que non beberamos tanto. Ti tiveches a culpa.

–Xuraría –díxolle Antón– que vin un enterro. Agora xa non vexo nada. E dicindo isto, meteu esporas<sup>2</sup> á besta. O seu compañeiro tivo que o seguir.

Unha hora despois deixábao na casa.

Ao día seguinte, Antón foi varexar as castañas pola mañá ben cediño. Cando estaba no cimo do castiñeiro esvarou e caeu. Debaixo había un carro cheo de ourizos. Espetouse nun fungueiro polo bandullo e saíalle a punta polo lombo. Levárono á casa. Mais chegou xa defunto.

Todo aquel día chovera a todo meter. A campa de Xan da Cruz estaba no camiño do camposanto. Toda ela se asolagara. Tiveron que levar a Caixa nun carro de bois.

É ben certo que o que ve o seu enterro en vida xa está cun pé no outro mundo.

Ánxel Fole, *Á lus do candil* (adaptación)

<sup>1</sup> parcería: explotación dunha propiedade en réxime de alugamento.

<sup>2</sup> esporas: pezas de metal con que se pica nos flancos da besta ou cabalo.

**1. Fai unha síntese do argumento do fragmento que acabas de ler.**

**2. Ao final do texto nállase como é o enterro real dun dos personaxes protagonistas. Explica a relación dese final do relato coa campa que atravesan antes e a visión que ten ese personaxe alí.**

**3. No texto atopamos a presenza do sobrenatural en forma de visión de morte. Tendo en conta a situación en que están os protagonistas do texto, achega algunha explicación racional.**